



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 JUN. 2024 18:04:40

Entrada **30456**

PREGUNTA PARQUE EÓLICO BARQUEIRO

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao parque eólico Barqueiro que afectaría aos concellos do Vicedo e Viveiro (Lugo) e Mañón, Ortigueira, Cerdido, Moeche, As Somozas e As Pontes (A Coruña).**

O pasado 7 de xuño de 2021 era publicado no Boletín Oficial do Estado o Anuncio da Área de Industria y Enerxía da Delegación do Goberno na Galiza polo que se somete a información pública o Estudio de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Barqueiro de 150 MW e a súa infraestrutura de evacuación.

Tamén era publicado o 1 de xuño de 2023 no BOE a Resolución de 21 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se outorga a Enel Green Power España, SL, autorización administrativa previa para o parque eólico Barqueiro, de 126 MW e as súas infraestruturas de evacuación, situados no Vicedo e Viveiro (Lugo) e Mañón, Ortigueira, Cerdido, Moeche, As Somozas e As Pontes (A Coruña).

Como se pode observar, existe unha diferenza entre ambas publicacións na que o parque eólico pasa de 150 a 126 MW. Isto é debido á anulación de varias



das posicións iniciais dos aeroxeradores proxectados exixido pola DIA, concretamente anuláanse as posicións BAR-02, 07, 11, 16, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 26, 27, 28, 29 e 30. Diante destas anulacións o promotor pretende utilizar as catro posicións de reserva sinaladas no proxecto inicial.

Tal e como figura na última resolución publicada no BOE, antes de autorizar o proxecto de construción, deberá obterse un informe favorábel da Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza das 4 posicións de reserva sinaladas polo promotor. Así mesmo, o promotor deberá presentar diante de Augas de Galiza, a documentación preceptiva na que se incluírán as prescricións dadas polo organismo durante o proceso de avaliación ambiental, de acordo coa normativa de augas, do proxecto definitivo e as actuacións deberán respectar as servidumes legais e estarán suxeitas a aprobación previa, antes da aprobación do proxecto polo órgano substantivo. En concreto, darase resposta ao informe preceptivo do organismo con data do 30 de decembro de 2022 no que se describen e detallan as condicións técnicas que deben incorporar ao proxecto definitivo de construción do promotor. O proxecto construtivo debe, por tanto, presentarse en Augas de Galiza con carácter previo á súa autorización para o seu informe.

Previamente á autorización do proxecto deberase tamén obter un informe favorábel do órgano competente da Consellería de Sanidade para o estudo da sombra intermitente dos aeroxeradores, coas condicións e prescricións que dito organismo solicite, identificando os posíbeis receptores, incorporando, no caso de ser preciso, medidas correctoras e xustificación da súa idoneidade.

Previamente á autorización do proxecto, tamén debe realizarse unha prospección de campo coa finalidade de identificar con precisión as comunidades de vexetación de interese, a posíbel presenza de especies de flora ameazada e HIC coincidentes cos elementos do proxecto. En caso de confirmarse a súa presenza, comunicárase ao órgano ambiental da Xunta de Galiza e incorporáranse ao proxecto as medidas adecuadas para evitar a súa afección, incluída, no seu caso, a translocación dos exemplares e, se non fose



posíbel, procederáse á súa restauración en caso de degradación temporal. Se non hai máis remedio, compensará as superficies que resulten afectadas permanentemente nunha magnitude equivalente co mesmo tipo de HIC ou de comunidade vexetal de interese ou ameazada.

A pedimento da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galiza evitárase, sempre que sexa posible, a afección sobre as árbores autóctonas existentes (non só sobre a vexetación de ribeira) e deberán respectarse os hábitats, ademais de habilitar medidas protectoras especiais, que deberá aprobar previamente o citado organismo, nas seguintes zonas: aeroxerador BAR06 sobre HIC 4020 (zona de pasteiro) afectado pola vía de acceso, a gabia e a plataforma de nova creación (que haberá de ser restaurado adecuadamente) e pequeno tramo do hábitat 91E0, que é sobrevoado pola liña de evacuación entre os apoios 114 e 115 (apartado 1.2.4).

O proxecto de construción incluírá un Plan de Restauración Vexetal e Integración Paisaxística, a escala e detalle apropiados, que comprenderá todas as actuacións de restauración, compensación e apantallamento integradas polo promotor no proxecto, incluídas as indicadas nesta resolución, concretando e cuantificando as superficies de traballo, métodos de reparación do chan, especies vexetais a utilizar, métodos de sementeira ou plantación e resto de prescricións técnicas, así como o orzamento e cronograma de todas as actuacións, que deberá ser remitido ao órgano ambiental da Xunta de Galiza para a súa validación.

Todas as medidas contempladas no apartado 1.2.4 relativas a Flora, vexetación e hábitat de interese comunitario contempladas na DIA deberán ser incorporadas no Plan de restauración proposto polo promotor. O plan deberá conter información con detalle de proxecto construtivo con memoria, planos e orzamento e deberá ser conformado coa administración ambiental competente.

O Instituto de Estudos do Territorio tamén realizou alegacións ao proxecto, a respecto da integración paisaxística, recolléndose até catorce medidas correctoras que afectan principalmente ao patrimonio histórico.



Tamén se recolle nesta resolución do 21 de abril, a esixencia de corrixir a documentación presentada tendo en conta as consideracións técnica achegadas no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Comprobaranse en campo as anomalías topográficas con posíbel interese arqueolóxica. No caso de confirmarse a presenza de novos bens arqueolóxicos, avaliarase e cualificarase o impacto, proponendo as medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que se consideren idóneas e fichas normativizadas para incorporar os novos xacementos ao arquivo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza.

En relación ao Camiño de San Andrés e ao Camiño dos Arrieiros, non se poderán iniciar as obras do parque eólico sen ter avaliadas as afeccións que o acceso aos aeroxeradores pode ocasionar. A tal fin, remitirase á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza unha avaliación de impacto das actuacións que sexan necesarias. Aplicaráselles a contorna de protección subsidiario de 30 m establecido no art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galiza para vías culturais.

Deberá avaliarse o impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico. O estudo detallará as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial identificará os bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados, e valorará a posible afección aos elementos e as súas contornas, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

De ser o caso, remitirase a nova información aos concellos afectados, que deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar as súas contornas de protección na planimetría de ordenación, e na súa falta, as contornas serán as establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural da Galiza. As modificacións do parque eólico e a súa liña de evacuación terán que ser informadas de novo pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza.



En relación coas medidas compensatorias que propón o promotor no estudo de impacto ambiental, deberán contar co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza, e para ese efecto presentaranse, previo ao comezo das obras do parque eólico, unha proposta concreta de medidas e os correspondentes proxectos onde se detallen as actuacións que se pretenden levar a cabo sobre os elementos do patrimonio cultural.

En relación coas vías pecuarias, todas as infraestruturas de proxecto deberán respectar os límites do seu deslinde e, no seu caso, solicitarase autorización ao organismo autonómico competente para a ocupación temporal das mesmas, todo iso de acordo con a lexislación vixente.

Todo este conxunto de condicionantes que figuran na resolución de 21 de abril da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poñen de manifesto que a documentación inicial do proxecto está chea de erros e incumprimentos.

Mesmo o número de aeroxeradores final do proxecto, non aparece ben calculado, pois anulando 15 posicións das 30 iniciais e sumando catro de reserva, o resultado son 19 posicións, non 18 como se manifesta na resolución. Esta incerteza, provoca que tampouco se poida saber con seguridade onde se sitúan finalmente os xeradores.

Na área afectada polo proxecto existen outros parques eólicos e liñas de alta tensión de evacuación. Mais non se fixo unha avaliación ambiental acumulada e sinérxica da totalidade do conxunto das infraestruturas. As instalacións de evacuación son intrínsecas ao parque eólico Badulaque, por tanto, debería analizarse conxuntamente dentro do procedemento de avaliación ambiental. Esta infraestrutura resulta imprescindible para a viabilidade e desenvolvemento do parque eólico indicado, e deberían analizarse pormenorizadamente os efectos e impactos da totalidade das infraestruturas asociadas ao parque. Proba desta coexistencia de promoción de parques eólicos na mesma área, é o solapamento entre a poligonal deste parque eólico co denominado “Penas Longas”.



A afección territorial que produce a infraestrutura eólica resulta incompatíbel cos obxectivos da Política Agraria Común (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados. A instalación eólica provocará serios agravios para as explotacións que están acollidas á PAC, e de grande capacidade agrícola e alta produtividade.

Así mesmo, a fragmentación das explotacións agrogandeiras e perda severa de base territorial consecuencia da instalación deste parque eólico, son impactos non avaliados no proxecto pola promotora, que obvia a existencia de explotacións agrarias, gandeiras, forestais e madeireiras que constitúen o medio de vida das persoas e familias que habitan e viven no ámbito afectado polo proxecto eólico e as infraestruturas de evacuación.

O “Camiño dos Arrieiros” consta de case 50 quilómetros dende a localidade das Pontes até o Porto de Bares, no Concello de Mañón. É “unha vía de comunicación que funcionou secularmente como eixo vertebrador entre as bisbarras do Eume e Ortegal”, unha senda de grande antigüidade cuxo trazado discorre entre túmulos prehistóricos, varios asentamentos da Idade de Ferro, de época romana, tardorromana e medieval. Moitos deles foron documentados por Federico Maciñeira, a comezos do século XX, e fan desta vía un elemento cultural a protexer, máis nada se di da súa existencia no estudo de impacto ambiental.

Por outra parte, a protección das especies animais afectadas non se recolle de xeito correcto. Os morcegos son un dos grupos animais que máis sofre pola implantación dos parques eólicos, sendo ademais dos grupos animais máis ameazados na Galiza, polo que resulta de vital importancia que os traballos de mostraxe con este grupo de animais sexan o máis completos posibles. Neste punto hai que sinalar que no EIA incluíuse a busca de refuxios e gravacións de ultrasóns a nivel do chan, pero non se fala nada da gravación de ultrasóns en altura, algo imprescindible para coñecer as especies que voan a altura das aspas dos aerogeradores. Isto incumpriría as directrices para a avaliación e



corrección da mortalidade de quirópteros en parques eólicos fixadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico que di que “se rexistrará a actividade na mesma, tanto á altura de risco (é dicir, colocando un micrófono a unha altura dentro do radio de xiro das pas), como nas proximidades do solo (altura menor de 10 metros). A gravación destes emprazamentos deberá de ser continua e durante toda a noite, entre o 15 de xullo e o 15 de outubro”.

Aínda que outras especies de aves de gran interese na zona aparecen citadas no estudo de impacto ambiental, cómpre destacar a afección sobre o Miñato real, Voitre exipcio, Voitre negro e o Lagarteiro das torres, xa que as aves rapaces é un dos grupos de aves con maior mortalidade por impacto con aeroxeneradores.

Desde o momento en que se fixo público o proxecto, contou cunha forte contestación social, un rexeitamento á súa implantación que segue a manterse na actualidade. De feito, presentáronse máis de 300 alegacións e mesmo se realizaron distintas mobilizacións en Ortigueira para protestar contra un proxecto que vai ter un forte impacto en toda a comarca e unha grave afectación sobre o medio natural, o patrimonio histórico e cultural e sobre a economía do territorio.

En definitiva, o proxecto ten pendentes moitos trámites e debe obter unha serie de permiso preceptivos ante diversos organismos, cuxa obtención ou resultado condicionará a viabilidade da instalación do Parque Eólico. O Ministerio ten o deber de comprobar que a promotora cumpriu todos os condicionantes, ademais de reclamar a corrección dos erros detectados na DIA presentada.

Consideramos ademais que, tal e como establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas interesadas nun procedemento administrativo ostentan, entre outros, os dereitos a coñecer, en calquera momento, o estado da



tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, e a acceder e obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos.

Para garantir ese dereito, deberíase proceder a unha nova exposición pública do proxecto. As persoas afectadas teñen que poder coñecer cal vai ser a situación real dos aeroxeradores, cales son as medidas paliativas, se se conseguiron os informes exixidos e cal é o seu contido e se se corrixiron os defectos e erros iniciais. Así mesmo, para evitar o fraccionamento, debería realizar unha avaliación ambiental que teña en conta o conxunto dos parques e potencia eólica instalada e por instalar nesa mesma zona.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Atenderá o Ministerio as alegacións realizadas pola veciñanza afectada e teraas en conta á hora de emitir a autorización definitiva e denegará a instalación do parque eólico Barqueiro que se situaría aos concellos do Vicedo e Viveiro (Lugo) e Mañón, Ortigueira, Cerdido, Moeche, As Somozas e As Pontes (A Coruña) pola súa grave afectación ao medio natural, patrimonio histórico e cultural, ás explotacións agro gandeiras e forestais da zona, así como ao conxunto da economía das comarcas afectadas?
2. Realizará o Ministerio unha avaliación ambiental integral, impedindo a fragmentación, que teña en conta o conxunto dos parques eólicos e a potencia eólica instalada na zona?
3. Comprobará o cumprimento de todos os condicionantes que se indican na resolución de 21 de abril da Dirección Xeral de Política Enerxética?



4. Coñece cal é o estado da tramitación dos informes detallados na resolución de 21 de abril da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, a respecto do proxecto do parque eólico Barqueiro, e da documentación pendente que se sinala na resolución publicada o 1 de xullo de 2023?
5. Está en disposición de iniciar unha nova exposición pública, cando o proxecto final recolla e integre as novas premisas?

Madrid, a 17 de xuño de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al parque eólico Barqueiro que afectaría a los ayuntamientos de O Vicedo y Viveiro (Lugo) y Mañón, Ortigueira, Cerdido, Moeche, As Somozas y As Pontes (A Coruña).**

El pasado 7 de junio de 2021 se publicaba en el Boletín Oficial del Estado el Anuncio del área de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galiza por el que se somete la información pública el Estudio de Impacto Ambiental y la solicitud de Autorización Administrativa Previa del Parque Eólico Barqueiro de 150 MW y su infraestructura de evacuación.

También se publicaba el 1 de junio de 2023 en el BOE la Resolución de 21 de abril de 2023, de la Dirección General de Política Energética y Minas, por la que se otorga a Enel Green Power España, SL, autorización administrativa previa para el parque eólico Barqueiro, de 126 MW y sus infraestructuras de evacuación, situados en O Vicedo y Viveiro (Lugo) y Mañón, Ortigueira, Cerdido, Moeche, As Somozas y As Pontes (A Coruña).

Como se puede observar, existe una diferencia entre ambas publicaciones en la que el parque eólico pasa de 150 a 126 MW. Esto es debido a la anulación de varias de las posiciones iniciales de los aerogeneradores proyectados exigido por la DIA, concretamente, se anulan las posiciones BAR-02, 07, 11, 16, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 26, 27, 28, 29 y 30. Ante estas anulaciones el



promotor pretende utilizar las cuatro posiciones de reserva señaladas en el proyecto inicial.

Tal y como figura en la última resolución publicada en el BOE, antes de autorizar el proyecto de construcción, deberá obtenerse un informe favorable de la Consellaría de Sanidade de la Xunta de Galiza de las 4 posiciones de reserva señaladas por el promotor. Asimismo, el promotor deberá presentar delante de Augas de Galiza, la documentación preceptiva en la que se incluirán las prescripciones dadas por el organismo durante el proceso de evaluación ambiental, de acuerdo con la normativa de aguas, del proyecto definitivo y las actuaciones deberán respetar las servidumbres legales y estarán sujetas a aprobación previa, antes de la aprobación del proyecto por el órgano sustantivo. En concreto, se dará respuesta al informe preceptivo del organismo con fecha de 30 de diciembre de 2022 en el que se describen y detallan las condiciones técnicas que deben incorporar al proyecto definitivo de construcción del promotor. El proyecto constructivo debe, por tanto, presentarse en Augas de Galiza con carácter previo a su autorización para su informe.

Previamente a la autorización del proyecto se deberá también obtener un informe favorable del órgano competente de la Consellaería de Sanidade para el estudio de la sombra intermitente de los aerogeneradores, con las condiciones y prescripciones que dicto organismo solicite, identificando los posibles receptores, incorporando, en el caso de ser preciso, medidas correctoras y justificación de su idoneidad.

Previamente a la autorización del proyecto, también debe realizarse una prospección de campo con la finalidad de identificar con precisión las comunidades de vegetación de interés, la posible presencia de especies de flora amenazada e HIC coincidentes con los elementos del proyecto. En caso de confirmarse su presencia, se comunicará al órgano ambiental de la Xunta de Galiza y se incorporarán al proyecto las medidas adecuadas para evitar su afección, incluida, en su caso, la translocación de los ejemplares y, si no fuera



posible, se procederá a su restauración en caso de degradación temporal. En último caso, compensará las superficies que resulten afectadas permanentemente en una magnitud equivalente con el mismo tipo de HIC o de comunidad vegetal de interés o amenazada.

A petición de la Dirección General de Patrimonio Natural de la Xunta de Galiza se evitará, siempre que sea posible, la afección a los árboles autóctonos existentes (no solo sobre la vegetación de ribera) y deberán respetarse los hábitats, además de habilitar medidas protectoras especiales, que deberá aprobar previamente el citado organismo, en las siguientes zonas: aerogenerador BAR06 sobre HIC 4020 (zona de pastero) afectado por la vía de acceso, la zanja y la plataforma de nueva creación (qué habrá de ser restaurado adecuadamente) y pequeño tramo del hábitat 91Y0, que es sobrevolado por la línea de evacuación entre los apoyos 114 y 115 (apartado 1.2.4).

El proyecto de construcción incluirá un Plan de Restauración Vegetal e Integración Paisajística, a escala y detalle apropiados, que comprenderá todas las actuaciones de restauración, compensación y apantallamiento integradas por el promotor en el proyecto, incluidas las indicadas en esta resolución, concretando y cuantificando las superficies de trabajo, métodos de reparación del suelo, especies vegetales a utilizar, métodos de siembra o plantación y resto de prescripciones técnicas, así como el presupuesto y cronograma de todas las actuaciones, que deberá ser remitido al órgano ambiental de la Xunta de Galiza para su validación.

Todas las medidas contempladas en el apartado 1.2.4 relativas a Flora, vegetación y hábitat de interés comunitario contempladas en la DIA deberán ser incorporadas en el Plan de restauración propuesto por el promotor. El plan deberá contener información con detalle del proyecto constructivo con memoria, planos y presupuesto y deberá ser conformado con la administración ambiental competente.



El Instituto de Estudios del Territorio también realizó alegaciones al proyecto, a respecto de la integración paisajística, recogándose hasta catorce medidas correctoras que afectan principalmente al patrimonio histórico.

También se recoge en esta resolución de 21 de abril, la exigencia de corregir la documentación presentada teniendo en cuenta las consideraciones técnica acercadas en el informe de la Dirección General del Patrimonio Cultural.

Se comprobarán en campo las anomalías topográficas con posible interés arqueológico. En el caso de confirmarse la presencia de nuevos bienes arqueológicos, se evaluará y se calificará el impacto, proponiendo las medidas protectoras, correctoras y/o compensatorias que se consideren idóneas y fichas normativizadas para incorporar los nuevos yacimientos al archivo de la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galiza.

En relación al Camiño de San Andrés y al Camiño dos Arrieiros, no se podrán iniciar las obras del parque eólico sin tener evaluadas las aficiones que el acceso a los aerogeneradores puede ocasionar. A tal fin, se remitirá a la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galiza una evaluación de impacto de las actuaciones que sean necesarias. Se les aplicará el entorno de protección subsidiario de 30 m establecido en el art. 38 de la Ley 5/2016, de 4 de mayo, de patrimonio cultural de Galiza para vías culturales.

Deberá evaluarse el impacto sobre el patrimonio cultural de los accesos al parque eólico. El estudio detallará las actuaciones necesarias para facilitar el paso del transporte especial, identificará los bienes del patrimonio cultural que podrían verse afectados, y valorará la posible afectación a los elementos y sus entornos, estableciendo las medidas protectoras y correctoras necesarias para su salvaguarda.

De ser el caso, se remitirá la nueva información a los ayuntamientos afectados, que deberán integrar los nuevos bienes patrimoniales identificados nos sus catálogos urbanísticos de protección y definir y cartografiar sus entornos de protección en la planimetría de ordenación y, en su defecto, los entornos serán las establecidos en el artículo 38 de la Ley 5/2016, de 4 de



mayo, de Patrimonio Cultural de Galiza. Las modificaciones del parque eólico y su línea de evacuación tendrán que ser informadas de nuevo por la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galiza.

En relación con las medidas compensatorias que propone el promotor en el estudio de impacto ambiental, deberán contar con el informe de la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galiza y, a tal efecto, se presentará, previo al inicio de las obras del parque eólico, una propuesta concreta de medidas y los correspondientes proyectos donde se detallen las actuaciones que se pretenden llevar a cabo sobre los elementos del patrimonio cultural.

En relación con las vías pecuarias, todas las infraestructuras de proyecto deberán respetar los límites de su deslinde y, en su caso, se solicitará autorización al organismo autonómico competente para la ocupación temporal de las mismas, todo eso de acuerdo con la legislación vigente.

Todo este conjunto de condicionantes que figuran en la resolución de 21 de abril de la Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ponen de manifiesto que la documentación inicial del proyecto está llena de errores e incumplimientos.

Incluso el número de aerogeneradores final del proyecto, no aparece bien calculado, pues anulando 15 posiciones de las 30 iniciales y sumando cuatro de reserva, el resultado son 19 posiciones, no 18 cómo se manifiesta en la resolución. Esta incertidumbre, provoca que tampoco se pueda saber con seguridad donde se sitúan finalmente los generadores.

En el área afectada por el proyecto existen otros parques eólicos y líneas de alta tensión de evacuación. Pero no se ha hecho una evaluación ambiental acumulada y sinérgica de la totalidad del conjunto de las infraestructuras. Las instalaciones de evacuación son intrínsecas al parque eólico Badulaque, por tanto, debería analizarse conjuntamente dentro del procedimiento de evaluación ambiental. Esta infraestructura resulta imprescindible para la viabilidad y desarrollo del parque eólico indicado y deberían analizarse



pormenorizadamente los efectos e impactos de la totalidad de las infraestructuras asociadas al parque. Prueba de esta coexistencia de promoción de parques eólicos en la misma área, es el solapamiento entre la poligonal de este parque eólico con el denominado “Penas Longas”.

La afectación territorial que produce la infraestructura eólica resulta incompatible con los objetivos de la Política Agraria Común (PAC). La empresa promotora no evaluó los impactos del proyecto sobre de estas explotaciones económicas y como repercute la estación eólica en las economías familiares de los núcleos afectados. La instalación eólica provocará serios agravios para las explotaciones que están acogidas a la PAC, de gran capacidad agrícola y alta productividad.

Asimismo, la fragmentación de las explotaciones agroganaderas y pérdida severa de base territorial consecuencia de la instalación de este parque eólico, son impactos no evaluados en el proyecto por la promotora, que obvia la existencia de explotaciones agrarias, ganaderas, forestales y madereras que constituyen el medio de vida de las personas y familias que habitan y viven en el ámbito afectado por el proyecto eólico y las infraestructuras de evacuación.

El “Camiño dos Arrieiros” consta de casi 50 kilómetros desde la localidad de As Pontes hasta el Porto de Bares, en el Ayuntamiento de Mañón. Es “una vía de comunicación que funcionó secularmente como eje vertebrador entre las comarcas del Eume y Ortegá”, una senda de gran antigüedad cuyo trazado discurre entre túmulos prehistóricos, varios asentamientos de la Edad de Hierro, de época romana, tardorromana y medieval. Muchos de ellos fueron documentados por Federico Maciñeira, a comienzos del siglo XX, y hacen de esta vía un elemento cultural a proteger, pero nada se dice de su existencia en el estudio de impacto ambiental.

Por otra parte, la protección de las especies animales afectadas no se recoge de manera correcta. Los murciélagos son uno de los grupos animales que más sufre por la implantación de los parques eólicos, siendo además de los grupos animales más amenazados en Galiza, por lo que resulta de vital importancia



que los trabajos de muestreo con este grupo de animales sean lo más completos posibles. En este punto hay que señalar que en el EIA se incluyó la busca de refugios y grabaciones de ultrasonidos a nivel del suelo, pero no se habla de la grabación de ultrasonidos en altura, algo imprescindible para conocer las especies que vuelan la altura de las aspas de los aerogeneradores. Esto incumpliría las directrices para la evaluación y corrección de la mortalidad de quirópteros en parques eólicos fijadas por el Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico que dice que “se registrará la actividad en la misma, tanto a la altura de riesgo (es decir, colocando un micrófono a una altura dentro del radio de giro de las palas), como en las cercanías del suelo (altura menor de 10 metros). La grabación de estos emplazamientos deberá de ser continua y durante toda la noche, entre el 15 de julio y el 15 de octubre”.

Aunque otras especies de aves de gran interés en la zona aparecen citadas en el estudio de impacto ambiental, hace falta destacar la afectación sobre el Milano real, Buitre egipcio, Buitre negro y el Lagartero de las torres, ya que el de las aves rapaces es uno de los grupos de aves con mayor mortalidad por impacto con aerogeneradores.

Desde el momento en que se hizo público el proyecto, contó con una fuerte contestación social, un rechazo a su implantación que sigue manteniéndose en la actualidad. De hecho, se presentaron más de 300 alegaciones e incluso se realizaron distintas movilizaciones en Ortigueira para protestar contra un proyecto que va a tener un fuerte impacto en toda la comarca y una grave afectación sobre el medio natural, el patrimonio histórico y cultural y sobre la economía del territorio.

En definitiva, el proyecto tiene pendientes muchos trámites y debe obtener una serie de permisos preceptivos ante diversos organismos, cuya obtención o resultado condicionará la viabilidad de la instalación del Parque Eólico. El Ministerio tiene el deber de comprobar que la promotora cumplió todos los



condicionantes, además de reclamar la corrección de los errores detectados en la DIA presentada.

Consideramos además que, tal y como establece la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, las personas interesadas en un procedimiento administrativo ostentan, entre otros, los derechos a conocer, en cualquier momento, el estado de la tramitación de los procedimientos en los que tengan la condición de interesados y a acceder y obtener copia de los documentos contenidos en los citados procedimientos.

Para garantizar ese derecho, se debería proceder a una nueva exposición pública del proyecto. Las personas afectadas tienen que poder conocer cuál va a ser la situación real de los aerogeneradores, cuáles son las medidas paliativas, si se consiguieron los informes exigidos y cuál es su contenido y si se corrigieron los defectos y errores iniciales. Asimismo, para evitar el fraccionamiento, debería realizar una evaluación ambiental que tenga en cuenta el conjunto de los parques y potencia eólica instalada y por instalar en esa misma zona.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Atenderá el Ministerio las alegaciones realizadas por el vecindario afectado y las tendrá en cuenta a la hora de emitir la autorización definitiva y denegará la instalación del parque eólico Barqueiro que se situaría a los ayuntamientos de O Vicedo y Viveiro (Lugo) y Mañón, Ortigueira, Cerdido, Moeche, As Somozas y As Pontes (A Coruña) por su grave afectación al medio natural, patrimonio histórico y cultural, a las explotaciones campo ganaderas y forestales de la zona, así como al conjunto de la economía de las comarcas afectadas?



2. ¿Realizará el Ministerio una evaluación ambiental integral, impidiendo la fragmentación, que tenga en cuenta el conjunto de los parques eólicos y la potencia eólica instalada en la zona?
3. ¿Comprobará el cumplimiento de todos los condicionantes que se indican en la resolución de 21 de abril de la Dirección General de Política Energética?
4. ¿Conoce cuál es el estado de la tramitación de los informes detallados en la resolución de 21 de abril de la Dirección General de Política Energética y Minas, a respeto del proyecto del parque eólico Barqueiro, y de la documentación pendiente que se señala en la resolución publicada el 1 de julio de 2023?
5. ¿Está en disposición de iniciar una nueva exposición pública, cuando el proyecto final recoja e integre las nuevas premisas?

Madrid, a 17 de junio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso